# MUSEOS, SOSTIBILIDADE E BENESTAR

## SEMANA DOS MUSEOS 2023



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

16-21 maio 2023

Para celebrar o 18 de maio, este ano o Consello Internacional de Museos (ICOM) propón o lema "Museos, sostibilidade e benestar". Arredor do Día Internacional dos Museos, o CGAC programa unha semana de actividades gratuítas vinculadas á música e á reciclaxe, unha ruta arquitectónica ao aire libre, uns talleres para familias dedicados ao artista marroquí Hassan Darsi —un creador que se caracteriza por construír espazos de benestar e por empregar obxectos cotiáns nas súas obras— e unha visita guiada aos recantos menos coñecidos do CGAC.

*COUSAS DE CATRO*. CONCERTO PEDAGÓXICO DO GRUPO ODAIKO

Martes 16 de maio

Horario: 11:00-12:00 h (1ª sesión); 12:15-13:15 h (2ª sesión)

De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: do 2 ao 9 de maio

Neste espectáculo musical pedagóxico, o grupo de percusión Odaiko mestura a reciclaxe, o enxeño e a creación de son.

Durante o concerto, emprega instrumentos de reciclaxe de creación propia ou da música tradicional para compoñer, a través da improvisación, unha sinfonía de sons cunha posta en escena interactiva na que o público dá o último golpe.

O grupo Odaiko fundouse en Holanda en 2003 e está integrado por catro músicos licenciados en percusión clásica, jazz e contemporánea.

PERSOAS DESTINATARIAS: grupos escolares do primeiro e segundo ciclo de primaria

PRAZAS: 250 prazas en cada sesión

INSCRICIÓN: Os centros interesados deben enviar unha

Para celebrar el 18 de mayo, este año el Consejo Internacional de Museos (ICOM) propone el lema "Museos, sostenibilidad y bienestar". En torno al Día Internacional de los Museos, el CGAC programa una semana de actividades gratuitas vinculadas a la música y al reciclaje, una ruta arquitectónica al aire libre, unos talleres para familias dedicados al artista marroquí Hassan Darsi —un creador que se caracteriza por construir espacios de bienestar y por utilizar objetos cotidianos en sus obras— y una visita guiada a los rincones menos conocidos del CGAC.

*COSAS DE CUATRO*. CONCIERTO PEDAGÓGICO DEL GRUPO ODAIKO

Martes 16 de mayo

Horario: 11:00-12:00 h (1ª sesión); 12:15-13:15 h (2ª sesión)

Gratis, con inscripción previa | Plazo de inscripción: del 2 al 9 de mayo

En este espectáculo musical pedagógico, el grupo de percusión Odaiko mezcla el reciclaje, el ingenio y la creación de sonido.

Durante el concierto, emplea instrumentos de reciclaje de creación propia o de la música tradicional para componer, a través de la improvisación, una sinfonía de sonidos con una puesta en escena interactiva en la que el público da el último golpe.

El grupo Odaiko se fundó en Holanda en 2003 y está integrado por cuatro músicos licenciados en percusión clásica, *jazz* y contemporánea.

PERSONAS DESTINATARIAS: grupos escolares del primer y segundo ciclo de primaria

PLAZAS: 250 plazas en cada sesión

INSCRIPCIÓN: Los centros interesados deben enviar un

mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: nome do centro, número de participantes, curso ou idade, número de teléfono, enderezo electrónico e nome da persoa responsable do grupo.

As prazas cubriranse por orde de inscrición e as persoas solicitantes recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

*O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ*. RUTA DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

Dirixe: Carmen Rey

Sábado 20 de maio

Horario: 11:00-13:30 h

De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: 11 e 12 de maio

A arquitectura e o urbanismo contemporáneos son os grandes descoñecidos da cidade de Compostela. Esta ruta recolle unha mostra das actuacións feitas nos últimos cincuenta anos que, de forma continua, foron definindo e singularizando a zona norte da cidade. Falaremos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, do diálogo entre a tradición e a modernidade, así como da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas.

Partiremos do exterior do CGAC e continuaremos a camiñada deténdonos no conxunto da avenida Xoán XXIII; na Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, de Andrés Perea; na residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; na quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con intervencións de César Portela, Arata Isozaki e Antón García Abril e, por último, no Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso. Remataremos o paseo regresando á arquitectura de Siza, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

PRAZAS: 20

INSCRICIÓN: Para participar, cómpre inscribirse enviando unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: nome completo das persoas participantes, número de teléfono, enderezo electrónico e estudos, área de traballo ou interese.

Poderanse inscribir un máximo de dúas persoas participantes mediante cada solicitude.

As prazas cubriranse por orde de inscrición e as persoas solicitantes recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

*EN DOURADO*. TALLERES PARA FAMILIAS ARREDOR DA OBRA DE HASSAN DARSI

mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: nombre del centro, número de participantes, curso o edad, número de teléfono, dirección de correo electrónico y nombre de la persona responsable del grupo.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y las personas solicitantes recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

*EL CGAC Y OTROS HITOS DE LA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELANA*. RUTA DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

Dirige: Carmen Rey

Sábado 20 de mayo

Horario: 11:00-13:30 h

Gratis, con inscripción previa | Plazo de inscripción: 11 y 12 de mayo

La arquitectura y el urbanismo contemporáneos son los grandes desconocidos de la ciudad de Compostela. Esta ruta recoge una muestra de las actuaciones llevadas a cabo en los últimos cincuenta años que, de forma continua, han ido definiendo y singularizando la zona norte de la ciudad. Hablaremos de la relación entre la arquitectura y el paisaje, del diálogo entre tradición y modernidad, así como de la piedra y de los nuevos lenguajes arquitectónicos.

Partiremos del exterior del CGAC y continuaremos la caminata deteniéndonos en el conjunto de la avenida Juan XXIII; en la Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, de Andrés Perea; en la residencia del presidente de la Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; en la finca Simeón, también conocida como parque de Vista Alegre, con intervenciones de César Portela, Arata Isozaki y Antón García Abril y, por último, en el Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso. Pondremos fin al paseo regresando a la arquitectura de Siza, en la Facultad de Ciencias da Comunicación de la Universidad de Santiago de Compostela.

PLAZAS: 20

INSCRIPCIÓN: Para participar, es necesario inscribirse enviando un mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: nombre completo de las personas participantes, número de teléfono, dirección de correo electrónico y estudios, área de trabajo o interés.

Se podrán inscribir un máximo de dos personas participantes mediante cada solicitud.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y las personas solicitantes recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

*EN DORADO*. TALLERES PARA FAMILIAS EN TORNO A LA OBRA DE HASSAN DARSI

Dirixe: Sara Donoso

Sábado 20 de maio. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos | Domingo 21 de maio. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos

Horario: 11:00-13:00 h

De balde, con inscrición previa | Prazo de inscrición: do 9 ao 18 de maio

Actividade dirixida a familias con nenos e nenas de entre 4 e 9 anos que queiran descubrir o amplo universo da arte contemporánea ou profundar no seu coñecemento.

O artista marroquí Hassan Darsi pensa que a arte pode axudar a cambiar o mundo e a desenvolver a cultura dun país. O seu traballo está influenciado pola súa vida e pola súa contorna; por iso, en moitas ocasións propón novas formas de construción para facer das rúas e dos edificios lugares para o benestar da xente. Ademais, adoita colaborar con persoas de ámbitos diversos para crear obras coas que consegue transformar obxectos cotiáns reciclándoos e dándolles unha segunda vida por medio da arte. A cor dourada é unha das súas favoritas: emprégaa nas súas esculturas, pinturas e instalacións. Queres descubrir por que? Acompáñanos neste taller no que crearemos paisaxes de ouro e deseñaremos os nosos espazos ideais.

PRAZAS: 10 menores, acompañados cada un por un máximo de 2 familiares en cada taller

INSCRICIÓN: As familias interesadas poden inscribirse enviando unha mensaxe a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: os nomes e a idade das persoas que desexan participar no taller, un número de teléfono e un enderezo electrónico de contacto.

As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas solicitantes recibirán unha mensaxe electrónica de confirmación.

VISITA GUIADA *O CGAC OCULTO*

Domingo 21 de maio | Horario: 12:00-12:50 h | De balde, sen inscrición previa

Para lle pór punto final á Semana dos Museos programamos unha visita especial aos espazos ocultos do CGAC.

O público interesado poderá coñecer os almacéns onde se custodian e conservan as obras de arte, o taller de restauración, o taller de montaxe, o taller de pedagoxía, as oficinas e a sala de xuntas. O percorrido rematará na cuberta do edificio, coroada pola instalación permanente do artista Dan Graham, *Triangular Pavilion*.

Para participar nesta actividade non é preciso inscribirse previamente. A visita partirá da recepción do CGAC ás 12:00 h e terá unha duración aproximada de 50 minutos. O grupo formarase por orde de chegada.

Dirige: Sara Donoso

Sábado 20 de mayo. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años | Domingo 21 de mayo. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años

Horario: 11:00-13:00 h

Gratis, con inscripción previa | Plazo de inscripción: del 9 al 18 de mayo

Actividad dirigida a familias con niños y niñas de entre 4 y 9 años que quieran descubrir el amplio universo del arte contemporáneo o profundizar en su conocimiento.

El artista marroquí Hassan Darsi piensa que el arte puede ayudar a cambiar el mundo y a desarrollar la cultura de un país. Su trabajo está influenciado por su vida y por su entorno; por eso, en muchas ocasiones propone nuevas formas de construcción para hacer de las calles y de los edificios lugares para el bienestar de la gente. Además, suele colaborar con personas de ámbitos diversos para crear obras con las que consigue transformar objetos cotidianos reciclándolos y dándoles una segunda vida por medio del arte. El color dorado es uno de sus favoritos: lo utiliza en sus esculturas, pinturas e instalaciones. ¿Quieres descubrir por qué? Acompáñanos en este taller en el que crearemos paisajes de oro y diseñaremos nuestros espacios ideales.

PLAZAS: 10 menores, acompañados cada uno por uno máximo de 2 familiares en cada taller

INSCRIPCIÓN: Las familias interesadas pueden inscribirse enviando un mensaje a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: los nombres y la edad de las personas que desean participar en el taller, un número de teléfono y una dirección de correo electrónico de contacto.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas solicitantes recibirán un mensaje electrónico de confirmación.

VISITA GUIADA *EL CGAC OCULTO*

Domingo 21 de mayo | Horario: 12:00-12:50 h | Gratis, sin inscripción previa

Para poner punto final a la Semana de los Museos programamos una visita especial a los espacios ocultos del CGAC.

El público interesado podrá conocer los almacenes donde se custodian y conservan las obras de arte, el taller de restauración, el taller de montaje, el taller de pedagogía, las oficinas y la sala de juntas. El recorrido finalizará en la cubierta del edificio, coronada por la instalación permanente del artista Dan Graham, *Triangular Pavilion*.

Para participar en esta actividad no es necesario inscribirse previamente. La visita partirá de la recepción del CGAC a las 12:00 h y tendrá una duración aproximada de 50 minutos. El grupo se formará por orden de llegada.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal